

AS IRMÁS MIRABAL, AS BOLBORETAS QUE DESAFIARON UN TIRANO

Cando en 1930 un cruel ditador chamado Rafael Trujillo subiu ao poder na República Dominicana, tres irmás empezaron a loitar pola liberdade. Eran as irmás Mirabal: Minerva, Patria e M^a Teresa. Foron coñecidas polo alcume das Bolboretas, pois este era o nome co que Minerva se identificaba nas relacións políticas.

As catro repartiron panfletos e organizaron un movemento de protesta contra Trujillo para restablecer a democracia no seu país.

A Trujillo isto non lle gustou nada. Baixo o seu punto de vista, mulleres coma as irmás Mirabal non servían máis que como compañas nas grandes festas. Debían admiralo, aceptar flores e agasallos, sorrir e dar as grazas. Non tiñan que erguer a voz nin estar en desacordo... e por suposto, tampouco podían aspirar a derrocar o seu réxime. A feroz independencia das Bolboretas asustáboas, así que tentou silencialas por todos os medios.

Primeiro encarcerounas, impedíndolles defenderse de xeito legal. Encerrou a Minerva e máis á súa nai nun cuarto dun hotel... e mesmo tratou de seducila. Ela rexeitouno: a súa dignidade non estaba en venta. Non lle interesaba ser a moza dun poderoso tirano. Ela só quería a liberdade do seu país. Cando Trujillo se viu rexeitado nos seus avances amorosos complicoulle a vida a toda a familia.

En 1960, Patria, María Teresa e Minerva foron interceptadas nun auto pola policía secreta, quen tras golpealas e aforcalas, deixounas caer por un barranco, tratando de encubrir o crime coma un accidente. O impacto non se fixo esperar: eran líderes, eran nais, eran mulleres con voz. Patria tiña 36 anos cando morreu; Minerva, 32 e María Teresa só 25.

O crime conmoveu á nación, cansada de tres décadas de violencia. O valor das irmás Mirabal inspirou aos dominicanos e ás dominicanas e deulles forza para opoñerse á ditadura de Trujillo, quen ao ano seguinte foi asasinado.

Os corpos das irmás Mirabal foron atopados o 25 de novembro de 1960. Na súa honra a ONU decretou que este día, 25 de novembro, fose declarado o Día Internacional para Eliminar a Violencia contra a Muller.

As Mirabal tiñan outra irmá, Belgica, alcumada Dedé, quen continuou co legado da súa familia. Hoxe transformáronse en iconas do feminismo e nun símbolo da República Dominicana, onde ademais da provincia que leva o seu nome teñen un museo e unha homenaxe na vía pública.

Almudena Suárez Cerviño

Dpto. de Relixión Católica

IES Mendiño